



IRIMIA

REVISTA
QUINCENAL
DE CRENTE
GALEGOS

¿Doberman?
non, gracias



O can Cérbero

Ludwig Dober, cobrador de contribucións alemán do século XIX, era vítima de xente á que lle tiña que cobrar, que lle zoupaban a badana. Inventou unha defensa: mediante sucesivos cruzamentos acadou un tipo de can que non deu o resultado procurado. Os SS nazis tiveron que cambialo por pastores alemáns. Ese mal inventor púxolle o seu nome -Dober-, engadíndolle o substantivo xermánico «man», que significa home.

Cando lles chaman doberman a Álvarez Cascos ou ó voceiro do Goberno, señor Rodríguez -o mesmo se podería dicir de Alfonso Guerra-, non hai que lles atribuír agresividade superior á dos seus amos, do que son voz, mellor ouveo. O actual papa ten un pastor alemán -¡non protestante!-, en Ratzinger como Pío XII o tivo en Ottaviani. Nin o tristeiro canciño da nosa portada, nin a curuxa que senta na súa cabeza coma a da deusa da sabedoría, Atenea, teñen que ver nada co conto, malia as aparencias.

Outramente sucedía co Cérbero -agora chámasele cancébero ó defensor dunha portería de fútbol-, temible can que gardaba as portas do inferno. Ese abofé que trababa. Cando os políticos descenden ós abismos electorais, inician unha miserenta carreira de insultos que xa vai durando máis ca unha carreiriña dun can.

Emporcallados por descualificacións polas que os votantes nos sentimos tamén ofendidos, os can-didatos -¡cándidos eles!-, poden chegar a crer no seu xogo. E non. Teñen poder de oficio, pero non na realidade. Hoxe o poder político está disociado do económico. Descenden ó inferno preelectoral levando nos dentes regañados a moeda para pagar tributo ó feo Caronte, que non é outro có liberalismo desta nosa idolátrica economía de Mercado. Tal é a súa miseria: nin teñen programa nin se lles outorgaría permiso para cumprírenos, se nel cresen. Empréstanlles un xoguete.

O politólogo redondelán residente en París, Ignacio Ramonet, afirma: «Ben podería ser un conto de José Luís Borges. Nun distante reino, un magno e cruel soberano, aferrado ós atributos do seu poder, pechado no seu suntuoso pazo, non se decatara de como o mundo, de xeito a penas perceptible, cambiaba arredor súa. Ata o día en que houbo de toma-la gran decisión. Entón, abraiado, viu que as súas ordes non eran obedecidas porque o poder se desprazara. O magno soberano deixara de se-lo dono do mundo».

Continúa o redondelán: «Un semanario francés publicaba hai ben pouco unha enquisa sobre dos cincuenta homes máis influentes do planeta. Non figuraba nela nin un só xefe de Estado ou de goberno, nin un ministro ou deputado de ningún país do mundo. Hai algunhas semanas outra publicación semanal dedicou a súa portada ó home máis influente do mundo. ¿Quen era? ¿Bill Clinton, Helmut Kohl, Borís Ieltsin? Non. Simplemente Bill Gates, xefe de Microsoft, que domina os mercados estratéxicos de comunicación e dispónse a controla-las autoestradas da información».

E a xente, cansa, di que todos son iguais: a voz do seu amo.

A Xustiza, a Mantenza e os lirios campestres

Os medios transfórmanse en fins. Así, levamos meses en que a principal noticia, o pestiñazo continuo de tertulias e titulares, a gran **causa** dos medios de comunicación, son eles mesmos. Cheira que alcatrea a loita de poder. E todos perden, alomenos, creto.

Os medios naceron para mediar, para comunicar, para seren instrumentos ó servicio da información veraz, na medida en que isto é humanamente posible. Pero agora a mensaxe é o propio medio mirando o embigo e defendendo posicións. Un lío no que hai moitos millóns en xogo. Os grandes grupos españois enceréllanse en liorta a morte. Os galegos, á parte de facerlle as beiras ó poder autonómico que os sostén económica-mente, seguen o ronsel. Para un saber de cousas de verdadeiro interese social e político para Galicia -como por exemplo sobre a meritoria ousadía do Concello de Cangas para recuperar un litoral que se inzara de construcións ilegais-, hai que conectar radio macuto.

Parece un triste destino das organizacións, na medida en que medran. Nacen para causas dignas, para algo que as supera, que é maior e mellor ca elas mesmas, a súa razón de existir. E rematan vivindo para si, para perpetuarse, a calquera

prezo, mesmo contradicindo groseiramente coa súa actuación aquela causa matriz e motriz. Nacen para os Dereitos Humanos, para o reinado de Deus, para a Comunicación Social, para a Organización Veciñal, para o Socialismo, para a Defensa do Consumidor, para o Comercio Xusto,... e moitas rematan poñendo a enerxía en abrirse un espacio, medrar como sexa, ter influencia e liquidez, dar unha imaxe,... non nos libramos ningún.

As organizacións sonnos necesarias. Somos animais creadores de institucións. Familia de feito ou dereito, panda, cuadrilla, tertulia, ... ou sindicatos, especialmente desde dentro, que a misión é antes cá mantenza, que o primeiro é o primeiro e o demais ha vir dado de máis a máis. O problema é cando a misión é a propia mantenza, por non dici-la pitanza, como acontece cos medios de comunicación que supostamente fan un servicio, cando o que son é simplemente empresas captoras de publicidade, audiencia e beneficios. Non debemos perde-la capacidade de sorpresa sobre o grao en que o capitalismo chega a perverte-los ideais humanos. Non todo, non todo pode ser mercado.




FEITO EN
PAPEL RECICLADO

EDITA: Empresa periodística A IRIMIA

DIRECTORA: Carmen Puente Fernández, 15705 C/ Pombal, 30 (Santiago Telf.: 585330.

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Muñoz, Xosé Chao Rego, Carmela Capeáns Leis, Mariano Guizán Sánchez, Luciano Pena Andrade, Manolo Regal Ledo, Sara Paz Quiñones, Luis Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas.

COLABORADORES: Victorino Pérez Prieto, Xosé A. Miguélez, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopena, Gumersindo Campaña, Tereixa Ledo, Colectivo "A Rella" (Antonio Fdez. Oca, Eliseo Miguélez, Constantino Mariño, Tonecho Meixide Fdez.) Anxo Moure Mosquera, Francisco Carballo, Tintxu, Pepe Coira, Mario Cambeiro, X. M. Lema Suárez, Manolo Sordo Villar, Fco. Lorenzo Mariño, Lois Ferradás, Madó Domínguez, Xesús Ferro Ruibal, Moisés Lozano Paz, Clodio González Pérez, Manolo R. Bermejo.

SECRETARÍA E ADMINISTRACIÓN: Apdo. 980 - Santiago de Compostela Telf.: 981 - 59 01 42 (De 3 a 5). Subscrición Ordinaria: 2.500 pts. Real: 3.000 pts. De Apoio: 5.000 pts.

CONTA: Caixa Galicia, CC/2091-0349-45-3040005822 - Urbana nº 8 - Santiago Caixa Postal CC/1302-6000-83-0017905488

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 IMPRIME: Graficolor MINERVA

¡E dálle coa auga!

Avelina (muller): ¿Oíche-lo que comentaba o cura aquel que estivo na xuntanza de pais desta tarde?

Marcelo (home): Non lembro nada especial, non sei a que te refires; estaba tan animado falando co pai aquel que protestaba pola forma dos exames, que non reparei en moito do que se dicía e do que se facía.

Avelina: Sempre che pasa o mesmo, méteste nunha cousa e non te decatado do que pasa ó teu redor. Pois o cura queixábase dun anuncio da TV no que se comparaba unha danza india ó deus da chuvia cunha procesión que se facía aló por Castela ó San Sidre para que viñese a auga. Estaba moi aborrecido.

Marcelo: Xa recordo eu o anuncio ese, a min tamén me chamou a atención. Pero non vexo eu por que tiña que estar aborrecido. No fondo é o mesmo: a mesma maneira de entender a Deus, a mesma maneira de entende-la oración, a mesma maneira de entende-la relación

entre Deus e o que nos sucede a nós cada día. O que pasa é que a isto estamos moi afeitos, e a aquilo, non.

Avelina: El dicía que iso era ridícula-la relixión, que a fe cristiá era moi distinta da fe daquelas tribos indias.

Marcelo: E non digo eu que non, pero nesas cousas concretas intentaban aplacar e gañá-la bondade de Deus con danzas rituais, e os de aquí

tentan acadar-la mesma bondade de Deus con procesións e rezos. Non lle vexo eu a diferenza, só que eles son moito máis alegres ca nós.

Avelina: ¿E logo a ti tamén che parece que non é ben facerlle a Deus procesións para conseguir cousas del?

Marcelo: Muller, non te fága-la parva, que ti tampouco non estás de acordo con esas procesións. Claro que non é ben, nin procesións nin nada. Deus está da nosa parte, non temos que facer nada para gañalo a el ou para gañá-los seus favores que xa están aí. A min non se me ocorre facer unha procesión para que cho-va, nin seguera rezar un Painoso.



Avelina: ¿E logo para que vale ser crente?

Marcelo: ¡E ti estás por me tolear hoxe! ¿Para que vale?, pois iso, para saber que Deus está sempre a carón nosa coa súa forza de ben e de esperanza, e así xuntar mellor os brazos cos mais para sacar adiante a vida, cando hai horas malas e cando toca rir e festexar.

Avelina: ¡Moi sabido es!

Cousas dun tolo

Domingo 10 do tempo ordinario

Mc 3, 20-35 -- 8 de xuño

Marcos, que co seu Evanxeo nos vai acompañar durante moitos dos domingos seguintes, empeza falándonos da reacción que o estilo de vida de Xesús causou nos seus familiares e na xente sabida do país: para uns toleara, para outros tiña o demo no corpo. A tolería de Xesús consistía en anunciar e vivir que é nos marxinados, nos pequenos, nos que non contan, onde Deus se quere deixar ver e experimentar. Esta tolería de Xesús é a lei de vida dos seus seguidores.

* * *

A gracia do pequeno

Domingo 11 do tempo ordinario


Mc 4, 26-34 -- 15 de xuño

Moitas veces os cristiáns, como a mais xente, somos dados ó éxito rápido e vistoso. Iso non cadra co estilo de vida e de traballo de Xesús. As cousas boas de Deus entre a xente, o «Reino de Deus», medra sen saber nós como. Xesús invítanos a traballar polas súas cousas, pero ó mesmo tempo tamén nos invita a saber contemplar, para adiviñar entre o pequeno e o sinxelo a semente que vai medrando e dando froitos.



AUTISMO GALICIA é a federación de varias asociacións: Aspanaes (Culleredo, Ferrol, Santiago, As Pontes), Bata (Vilanova de Arousa), Menela (Vigo e Pontevedra), Apaca (Caldas e Vilagarcía), Apacaf (A Estrada, Vigo), e vemos que nas

provincias de Lugo e Ourense non hai ningún centro para os autistas. Agora publican unha revista: «Maremagnum» para dar a coñece-lo problema do autismo e traballar pola súa integración social como están a facer no Centro Residencial de Nigrán onde traballan no sector agropecuario. Para máis información: Apdo. Correos 2041. 36200 Vigo.



OS CONSERVEIROS seguen a ser punteiros no seu sector, Garavilla cunha fábrica no Grove, Jealsa de Boiro e Calvo de Carballo son os primeiros, mentres Alfageme e Albo, as dúas en Vigo, ocupan o cuarto e quinto lugares. No ano pasado medrou o volume de produción e exportación chegando esta a máis de

setenta mil toneladas. Facturaron preto de duascentas trinta mil toneladas e dan traballo a unhas vinte e oito mil empregados. Pero tamén sofren as trabas da UE e rexeitan as importacións indiscriminadas de terceiros países que están a por en crise esta industria.

LAURE MOGHAIZEL do Comité Internacional dos Dereitos Humanos deixounos hai uns días despois dun intenso labor de cincuenta anos traballando por mellora-la situación das mulleres no mundo árabe tantas veces reprimidas. Funda co seu home a Asociación da Non Violencia para unir ó seu pobo, o Líbano, desfeito por unha guerra civil (1975-90), na que rivalizan etnias, relixións, ideoloxías políticas, e tamén para curar psicolxicamente ós afectados pola guerra... Loita para reforma-lo dereito penal e a lei de sucesión do seu país e que as mulleres gañen en igualdade ante a lei.



ERNESTO CARDENAL, o poeta nicaraguano, un dos guieiros da Revolución Sandinista está estes días con nosoutros para dar un recital dos seus poemas no Teatro Colón da Coruña. O artífice da súa visita ó noso país é Felipe Senén, e abofé que non se puído escoller ninguén mellor para dar a coñece-las nosas raíces que este antropólogo e sabio coñecedor da nosa cultura popular, outra vez podemos saborear aqueles versos de Cardenal: «No Principio/antes do Big Bang, antes do espazo tempo/ era a Palabra (Palabra Amorosa). No principio era o Canto.../A Creación é Poema.../ As cousas non creadas polo cálculo/ senón pola poesía. / Polo Poeta (=Creador)...»



Encontro do Verán

Convócase de novo, para o verán próximo, un encontro irimeguiño de convivencia e oración, afastado de ruído e présa, autoxestionado polos participantes, aberto a tódalas idades, pagado a escote, animado por Pilar Wirtz, con espazos e tempos para o silencio persoal, para o intercambio co grupo, para a celebración e a festa. ¿Quen dá máis?

Convén anotarse con tempo abondo porque o número de participantes vai a máis e hai que saber se

cómpre facelo dobre, en dúas quendas, vamos. O lugar, coma os últimos anos é a casa que, en Vilar de Fornelos, provincia de Pontevedra, nos cede amablemente a Comunidade do Cristo da Victoria de Coia-Vigo.

As datas previstas son: do 14 de agosto á tardiña ata o 19 de despois do xantar.


Para anotarse, chamar a: -986-480262 (Francisco, Chon ou o contestador automático) - 981-675205 (Ana e Daniel).

IRIMIA



AS ELECCIONS DE ALXERIA

seguen a marxina-la etnia dos bérberes e o seu idioma, o amazigh, que non conta para as instancias do poder, cando cada día é máis claro que só coa reconciliación nacional e sen excluír a ninguén é posible a paz, ó mesmo tempo que o Exército abandona o poder. Estes son os obxectivos dos Acordos de Roma dos partidos que se xuntaron por mediación da comunidade católica de San Exidío e que representan o oitenta por cento dos votantes e que ata agora non foron escoitados.



SE GUE MEDRAN-DO O PARO

e os pensionistas levan camiño de supera-lo número dos traballadores neste país. O vintecatro por cento traballan nas administracións e máis dun setenta e cinco no sector privado. A Xunta ten empregados sesenta e tres mil seiscentos sete, pero son as mulleres e a mocidade os que teñen máis difícil o traballo neste intre, só un trinta e un trinta e nove teñen emprego respectivamente.

ANDRÉS TORRES QUEIRUGA

recibe o día catorce o premio Antón Losada Diéguez á investigación polo seu libro «Recupera-la creación», segundo o xurado «pola súa profundidade de pensamento nunha reflexión filosófico-teolóxica para chegar a Deus dende a razón». O ensaísta Losada Diéguez naceu no Pazo de Moldes en Bóborás e foi un dos fundadores da Revista *Nós* con Otero Pedrayo, Risco, Castelao...; na fotografía Andrés Torres xunto con Manuel Espiña, Xoaquín M. García de Dios e Manolo Rivas na xornada de presentación desta obra na Coruña.



«PAZ E LIBERDADE NO SAHARA»

é o berro de varias manifestacións destes días cando a ONU ten que pronunciarse sobre o Referendo desta nación que leva vintedous anos ocupada por Marrocos con máis de douscentos mil refuxiados nos campamentos de Alxeria, nunhas condicións de privacións coma a da auga, que son coordinados por Mohamed Abdelaziz, Presidente da República Saharai, desde o setenta e seis e que aparece na fotografía, fillo dun nómada nun pobo de pastores e cun exército de quinde mil soldados que vixían desde as covas do deserto de Alxeria.

OS XORDOS

denuncian que non poden celebra-la festa do noso idioma porque a súa lingua dos signos tamén é marxina-da, así o manifestaba o Presidente da Federación de Asociacións de Xordos na Semana das Letras Galegas na Universidade da Coruña e tamén teñen un día para reivindicar-lo seu idioma, o derradeiro domingo de setembro. Quixeran un xesto solidario: que todos vivamos esa xornada sen radio e con subtítulos na tele. Hai vinte mil xordos galegos, na foto a responsable do Centro de Orientación a Persoas Xordas de Lugo, Fina Eirós, que están a traballar para supera-la barreira do parao entre eles que chega a máis dun oitenta e oito por cento na Coruña e a un noventa e catro en Pontevedra...



AFGANISTÁN

que saltou á escena coa invasión soviética en mil novecentos setenta e nove como vemos na fotografía, é actualidade polo control dos talibáns. Este grupo fundamentalista converteuse en forza armada no noventa e catro, despois de xurdir nas escolas relixiosas dos campos de refuxiados de Paquistán, país que os apoia, e veñen reprimindo ó pobo coa súa intransixencia, desde amputacións de brazos por acusación de roubo ata execucións despois de xuízos sen ningunha garantía nin dereito para os acusados. Son as viúvas as máis castigadas polos novos ocupantes de Kabúl, nin poden traballar nin saír á rúa a non ser que se arrisquen a levar unha malleira, e hai preto de trinta mil na capital que teñen que soste- r economicamente á familia pola falta de varón adulto na casa.

O CABODANO DE TIANANMEN,

o catro de xuño, pon ó descuberto o pouco respecto das autoridades chinesas ós dereitos humanos, desde as execucións por calquera cousa e sen mediar ningunha investigación seria, como a deste narcotraficante que aparece na fotografía, e xa son varios centos os que acusados pola mesma causa recibiron a pena capital, mentres tanto o réxime segue a persegui-las minorías coma a da rexión autónoma do Tíbet onde hai centos de prisioneiros por motivos relixiosos e políticos. Hai agora un ano, na «Xornada contra a Droga», foron condenadas preto de dúas mil persoas etiquetadas de traficar coa droga e varios centos foron executados sen ter avogado nin copia da acusación. Na China hai sesenta e tres delitos que levan á execución.



Eu son María

Eu quero presentarme en Irimia, anque algúns de Irimia xa me coñecedes. Chámome María, e os meus pais chámanse Delia e Manolo; teño tres irmáns máis, Cristina, Luís e Sandra, e na miña casa de Candia tamén vive a miña avoa Arcadia.

Teño poucos anos, soamente dous, pero xa coñezo e desfruto moitísimas cousas do campo. Na casa temos un can, o Brío, mouro e peludo, é moi amigo meu; se lle falto eu, anda triste; déitome enriba del, ando ó cabaliño del, e nunca me roe. Tamén temos un burro, Prateiro, e vacas e gatos e coellos e pitas e pitos.

Gústame axudar a face-las cousas, anque moitas veces non me deixan, porque din que son moi pequena. Frego os cacharros, axuda a face-las camas, rego as plantas cunha regadeiriña pequena que me mercaron; teño un sachiño pequeno para sacha na horta, e, cando amasan a fariña para coce-lo pan, alí estou eu.

A miña casa é bonita, e podo saír fóra dela sen ter medo a que veña ningún coche, porque andan lonxe. Gústame moito viaxar no coche, sobre todo para ir ver ó Adrián, o meu primo de Chantada. Tamén vou á celebración dos domingos co papá e coa mamá, e canto o que me parece.

Estou moi contenta na aldea; gustaríame que houbera máis nenos para estar con eles, porque por aquí no arredor nas casas só hai xente maior, e case soamente vexo nenos cando vou ó Preescolar na Casa, cada quince días. E a min gústame moito estar con nenos.

Non vos conto máis xa, porque case non sei falar nada, e os meus papás queren que xa fale moito; de escribir só sei colle-lo lapis para facer moitas raias nos papeis. A miña amiga Izaskun di que as cartas que escribo eu parécense moito ás da Veneranda, a mamá da Pili de Aveledo.

Mándovos un biquiño para todos. Vide cando queirades pola miña casa, e xa veréde-lo bonito que é isto todo. Recordos dos meus papás, dos meus irmáns e da miña avoa.

María

(Sentimentos transcriptos polos seus pais).



Novo goberno en Francia



Por Tintxu

Non é doado explicar algo tan complexo como as eleccións francesas. E aínda máis se un escribe antes do voto dos cidadáns. Por iso estas liñas queren dar claves para entender uns datos que o lector xa coñece, pero non quen as redacta.

O presidente Chirac convocou as eleccións -segundo dixo- para dar un novo pulo á participación de Francia na UE. No seu discurso televisado entre as dúas voltas matizou que o goberno precisaba de novos folgos. Realmente a convocatoria das eleccións foi unha sorpresa para moitos: todos coincidían en que o goberno de Alain Juppé era impopular, pero xa desde as grandes folgas de fins do 95. De nada lle valía unha maioría dun 80 por cento dos deputados lograda no 93. Cada intento de segui-la política de Maastricht suscitaba fortes protestas: privatizacións, reforma da Seguridade Social... Sen conta-los problemas da inmigración, encirrados desde a extrema dereita.

Non se cumpriran as grandes liñas do presidente Chirac, de acabar coas grandes diferencias sociais, coa discriminación dos inmigrantes de color: todos demandaban un cambio de rumbo e case ninguén consideraba a Juppé axeitado para iso. Pero Chirac tiña présa e temía que a política dictada por Maastricht lle causara unha gran derrota ó remate da lexislatura, o ano que vén. Por iso non quixo cambia-lo goberno antes e convocar logo as eleccións.

Os franceses rebeláronse e o sistema electoral xogou, por unha vez, contra o poder. Cada un dos 577 distritos elixe un deputado, cunha votación a dúas voltas: para «aprobar» na primeira hai que obter máis do 50% dos votos; para a segunda quedan os dous candidatos mellor situados na primeira (e outros que tivesen o apoio do 12,5% dos electores).

Así había na segunda volta máis de cen candidatos da extrema dereita, mentres a esquerda tiña candidatos únicos. E onde non se presentaba a Fronte Nacional non pediu claramente o voto para a dereita. Así co 30% dos votos ben repartidos pódese obte-lo 50% dos escaños.

Cando Chirac se decatou da situación, logo da primeira volta desprendeuse de Juppé, poñendo en primeira liña a dous políticos contradictorios: Séguin (nunha liña de capitalismo social e de Estado) e Madelin (liberal na pura liña de Maastricht). Isto non resultaba moi coherente e nin Chirac amosou moita fe no invento. Séguin e Madelin deron un único mitin xuntos (para afirmarse complementarios e non contradictorios). E máis nada.

A voltas con Maastricht

I. Visite Europa: o meirande centro comercial planetario

Maastricht é o último paso que se está dando no proceso de construción europea. O seu comezo remóntase a 1956 cando seis países europeos crean a CEE (comunidade económica europea) ó firma-lo Tratado de Roma. Pouco a pouco vanse engadindo máis países ata chegar ó número actual de quince e o nome de UE (Unión Europea).

Falar sobre Maastricht non é ir contra Europa (para empezar hai moitos países de Europa que non están na UE). Tampouco é ir contra a Unión Europea (da mesma maneira que se escolle este camiño poderíamos escoller outro, o importante é que o escollamos nós, e ademais saibámo-lo que escollemos e os efectos que pode te-la elección).

Para iso cómpre ir desenfiando paseniñamente a madexa maastriqueira, ver qué vai saínda dela, e ver se é un bo invento ou non o é.

Por de pronto Maastricht preséntasenos como un froito da liberdade, da liberdade de movernos, de investir e gastar onde queiramos, de traballar e vivir onde nos pete, de vivir Europa a tope, sen barreiras. Mais detrás dese liberalismo económico (só deste eido se fala dende Maastricht) hai un proteccionismo maior, hai un nacionalismo europeo que quere converter Europa nun gran mercado homoxéneo.

O motivo último desta unión feita desde arriba é a de servir de sostén ás grandes compañías europeas; que estas poidan beneficiarse dun macro-Estado sen fronteiras onde rendibilizalas súas economías de escala. Unha economía de escala créase cando unha empresa ten un volume tan grande que pode reducir custos na súa produción precisamente por ser iso, grande; producir en países onde a man de obra é máis barata, ter préstamos máis baratos ou ter maior poder de presión sobre o eido político. Este tipo de empresas necesita de Estados grandes nos que poidan vende-la súa mercadoría sen ter que pasar por alfándegas.

Este nacionalismo europeo vese reforzado pola creación dunha serie de aranceis, cupos e sobre todo barreiras administrativas que dificultan a relación comercial con terceiros países. Barreiras que baixo o disfraz de dis-

© CARRABO UXO por JOSE LUIS



tintivos de seguridade ou calidade discutibles, desalientan as vantaxes da liberdade comercial; algo que se nos vende coma positivo dentro das fronteiras europeas (o liberalismo), pero que semella malo de portas para fóra. E decatémonos da hipocrisía desta medida liberalizadora, pois está feita ó servizo das grandes empresas europeas para defenderse doutras empresas internacionais, e ó mesmo tempo ataca-lo espacio que cobren empresas de volumes máis reducidos ó non ter posibilidade para competir con elas. Esa competitividade analízase só dende un punto de vista: o pecuniario, sen ter en conta outros beneficios que produza a empresas aparentemente menos eficientes, como poidan se-la creación de postos de traballo ou o fornecemento dos tecidos productivos rexionais, tan importantes para a boa marcha de calquera sociedade por pequena que sexa.



Pedro Pedrouzo Devesa

O Carrabouxo

Conversa con Xosé L

Fomos entrevistalo a Ourense coa convicción de que a viaxe estaría ben paga pola gratitude dos lectores de Irimia, que o primeiro que procuran na revista é o humor do Carrabouxo. O seu pai artístico é un home que hai 48 anos naceu en Ourense pois nalgures tiña que ser parido, pero criouse na comarca ourensá do Ribeiro, no concello de Celle. Funcionario público do Ministerio de Fomento, é o Xefe de

Telecomunicacións de Ourense. Casado, ten dous fillos, de 23 e 20 anos. Constitución rexa, estatura media, voz sonora e suave que transparenta tenrura e acougo psíquico, a súa vitalidade acompaña a nosa conversa cun fondo de risas. Parécenos un vello tímido vindo a máis. De contrabando, Irimia rouballe os debuxos, que el ten comprometidos diariamente con dous xornais: La Región, de Ourense e o Atlántico Diario.



-Como queres que te chamen: ¿Xosé Lois ou Carrabouxo?

-Carrabouxo chámame practicamente todo o mundo. Colleron o nome do personaxe e aplícanmo a min.

Xenio e Figura

-O tipo ese tan delgadoño ¿ten que ver algo co carballo? Porque o carrabouxo seica é esa bóla rugosa que tamén lle chaman bugallo. ¿Por que escolliches este nome?

-Máis que nada porque é un nome enxebre galego, ten unha sonoridade enorme. E á parte porque é unha bóla que vén dunha das nosas árbores simbólicas. Incluso ten outras connota-

cións, por exemplo, nas zonas onde as nais lles din ós seus nenos *meu carrabouxiño*. Expressa cariño, ten moitas connotacións. A eufonía do nome é o que me decidiu: ca-rra-bou-xo.

-Pero ese tipo tan esvelto ou lanzal que deseñaches é pouco frecuente en Galicia.

-Quixen facer unha cousa un pouco estilizada que chamase a atención. A súa característica é a de ser máis alto ca ninguén, case que vez e media máis alto có resto. Unha figura que destaque. Ten unha certa semellanza con certos personaxes longueiróns que nacen. De feito hai varias persoas reais ás que lles puxeron o alcume de Carrabouxo despois de saír isto, porque se parecían ó personaxe. Persoas que eu coñecín moi altas e delgadas, que eran moi retranqueiras, identifícoas con el. Non é que primeiro pensase nelas e despois crease o personaxe.

-Así de longo tamén era Castelao, alomenos como aparece nalgunha auto-caricatura.

-Tamén xa mo teñen dito algúns estudiosos que pode

ser unha psicose de Castelao, que inconscientemente me levara a facer unha figura estilizada del, a quen admiro moito.

-Seica che dan traballo os que ti chamas chistes.

-Dedícolles tódolos días traballo, non é que me saían así coa gorra, senón que alomenos dúas horas gástoas en face-lo chiste. Recoilo recortes de prensa, tomo unha serie de apuntes e despois xa collo o que me parece. Dedícolle tempo, logo se me sae mellor ou peor..., pero alomenos ese esforzo fágoo.

-¿Es profesional do debuxo ou afeccionado?

-Por suposto, son un afeccionado, pero hoxe xa case que é unha segunda profesión. Nunca estudiei debuxo, salvo o que aprendín na escola con algunha mestra.

-A min paréceme que na túa obra se expresa a potencia reivindicativa dun pobo.

-Si, isto ten moita tradición aquí en Galicia; de feito Castelao foi máis popular coma humorista do que coma político. Agora hai xente que di o contrario, porque hai tendencia a cargalas tintas sobre o máis político. A xente que non o coñecía de nada dicía: «Son cousas da vida, por



deixa de fumar

Pois González Vázquez

Castelao». Sendo eu neno recordo terllo oído ó meu pai.

-Considero que fas un tipo de humor moi eficaz porque está cheo de tenrura, sen «mala leche».

-Mala leche os meus debuxos téñena ás veces, pero na forma non adoitan ser ofensivos. Tampouco vai coa miña personalidade, porque non me gusta ser duro. E iso que estes días estou en plan agresivo, porque deixei de fumar e ando desesperado, facendo cousas que nunca fixen. O outro día tiven un follón cun señor que tiña o coche atravesado, pero criminal [risas e gargalladas que fan inverosímil tal desmesura].

-Pois xa témo-lo título da entrevista: o Carrabouxo deixou de fumar.

-Entón teño que quitarlle a pava ó personaxe, que vai fumando sempre, aínda que a pava estea apagada. Está inspirada nun tío meu que sempre a levaba nos beizos. Pero téñenme perdido o personaxe para utilizar contra o cancro: precisamente ese personaxe que fuma utilízano de campaña contra o tabaco. A xente riza o rizo. Terei que acabar poñéndolle un palillo, como lle

fixo o autor de Lucky Luke ó seu personaxe con iso das campañas que hai en Estados Unidos.

A Paixón Galeguista

-Se che mandasen resumir en tres ou catro as claves do teu humor gráfico, a intención fonda que o guía ¿como o farías?

-Probablemente o definiría dunha maneira moi prosaica: é un medio que utilizo para comunicarme coa xente a través dunha forma que manexo bastante que é o humor. Unha forma simple, pero tamén intelectualizada. Eu non sei como definilo doutro xeito.

-Resulta unha forma culturalmente moi definida do noso pobo, polo tanto moi galeguista.

-Si, hipergaleguista e hipernacionalista. É unha anécdota que reivindica constantemente a esencia e a natureza do País, autoidentificadora, pero doutro modo distinto a como o fai o señor Fraga.

-Cando empezaches sería por unha necesidade íntima de te comunicares, ¿ou?

-Si, por unha necesidade. Eu levaba publicando en A Nosa Terra viñetas, unhas historias daquela Sabeliña. E xa publicara anteriormente nas revistas clandestinas e nos panfletos, pero non dunha maneira regular.

-Vívelo coma unha militancia social, nacionalista. ¿Tes canón propio ou disparas dende algunha militancia colectiva?



-Estou no BNG [Bloque Nacionalista Galego] e, dentro del, na UPG [Unión do Pobo Galego]. Antes estiven na directiva do Auriense, xa con Ferro Couso. Antes de estar afiliado era loitador cultural: facía traballos en defensa da cultura galega.


A presenza en Irimia

-¿Que significación ten que a túa pluma apreza nunha revista cristiá como Irimia?

-Recordo que me viñera falar Victorino aló polo 84 ou así. Eu aprecio os valores de Irimia máis no seu aspecto nacionalista ca no cristián. Dígoo sinceramente. E nunha balanza, o que me fai inclinar a que siga publicándose o Carrabouxo sen que eu me opoña radicalmente é por ser unha revista escrita en galego. Teño a premissa de escribir, e incluso debuxo gratis, para tódalas revistas que sexan en galego. E cóbrolles ás que son en español.

-O feito relixioso en Galicia, ¿como o vulgas?

-A nivel persoal non participo, non son practicante, nin católico nin tan



sequera crente. Vexo o rito relixioso coma algo cultural e nunca perdo de ver na miña parroquia a procesión. Fun crente e estudiei nos salesianos interno, pero diso hai moito. Teño moito respecto polas crenzas relixiosas, sobre todo se se manifestan dun xeito respectuoso co meu País.

-Esas manifestacións relixiosas populares ¿parécenche identificadoras para a xente?

Non, non, bueno, no aspecto cultural, si, pero o malo é que normalmente non se utiliza o idioma. Seguramente unha das eivas da crenza para min era esa: a distancia que o cura e a Igrexa tiñan do pobo no sentido do idioma, no que eu me criei. Entón arredábame e cando fun racional razoiei: pero, ¿como falar con Deus...? Eu penso que de aí veu todo: o tema idiomático en min pesou moito. O alleamento que supoñía que o noso idioma non se tivese utilizado para a relación con Deus. Psicologicamente isto en min inflúe moitísimo.

-Sorpenderache que os cregos, na súa maioría de procedencia rural, fillos de labregos, non utilicen habitualmente no exercicio do seu ministerio o galego.

-Iso é unha cousa pasmosa pero só

pasma á xente que o ve dende fóra; os que levamos aquí tanto tempo, xa estamos afeitos. Pasmaría a un marciano.

-O novo bispo de Ourense parece que quere ser auténtico.

-O que vexo é que está presente en todo con auténtico protagonismo. Agora que se foi un home que pasou desapercibido no sentido das pompas [monseñor Diéguez, acutal bispo de Tui-Vigo], non sei se iso é bo ou malo.

-Parece moi humano e en pouco máis de dous meses que leva aquí, fala galego con bastante frecuencia.

-Parece que iso teno asumido moi ben, a pesar de que din que politicamente é moi carca pero...

-Resulta lóxico porque no Vaticano e na Nunciatura de Madrid fan unha selección moi estricita.

-Claro, non chega a bispo calquera. Por certo que Elías Yanes foi profesor meu de clase de relixión en Alcalá de Henares na Universidade Laboral. Non era nin bispo daquela.

-¿Que lembranza gardas del?

-Que era un tío intelixentísimo, moi cordial e saíase do patrón do cura intransigente e integrista, porque sabía face-las cousas. A súa teima era que todos estabamos impregnados de marxismo, nos últimos anos de Franco, e a teoría marxista intentaba comérllle-lo coco ós rapaces. El tiña en conta iso, explicaba a teoría marxista e rebatía as coas ideas relixiosas do cristianismo. Non o facía nun plano asoballante e irracional. Foi un dos primeiros curas nos que atopei intelixencia. Os curas da aldea onde me criei eran intransixentes e ata había un que nas clases pegaba cada paliza criminal. Eran moi reaccionarios.

A Profecía Profana

-Non sei se o pensaches, pero no teu facer humorístico eu atopo con frecuencia o que non dubidaría en denominar profecía do Carrabouxo.

-Iso é unha terminoloxía que me arrepiá. Cos chistes, se cadra fago crítica relixiosa, non crente, acaso dende o subconsciente.

-A min non me arrepiá, porque profeta é quen dende o presente descobre as sementes de futuro.

-Pois alégrame moito, pero a miña simpatía por Irimia é por vós, é porque sodes algo extraordinario, que non é frecuente neste País. Sodes unha revolución: curas galeguistas hai moi poucos. Ademais, como vos vexo sinceramente galeguistas...porque hai outros que se fan galeguistas, pero non: apertas un pouco, e nada... Eu aprecio moitísimo a Francisco Carballo. E a xente que está nesa liña admíroa porque sodes unha illa no deserto.

-Para nosoutros, irimegos, que xente concienciada, culturalmente viva, artistas coma ti saiban que existe isto e o valoren, ten moita importancia.

-Isto para min é algo extraordinario, que ti dis profético. Eu distancieime da Igrexa polo seu antigaleguismo, anti-País, de curas que se criaron na aldea, que os pais falaban galego. Alguén lles aprendeu que ese non era idioma para rezar.

-Pero iso non é exclusivo dos cregos, senón que lle pasa a todo o que medra pasando da aldea ó mundo urbano ou fai carreira.

Con estas retranqueiras palabras apostila Xosé Lois, o Carrabouxo, unha conversa pola que Irimia lle está agradecida.

Pepe Chao.



A casa de David (2 Sam 7)

¹Instalado o rei David na súa casa, e como o Señor lle dera a paz cos seus inimigos do arredor, ²díxolle el ó profeta Natán: «Repara que eu estou instalado nunha casa de cedro mentres a arca do Señor habita nunha tenda de campaña». ³Natán respondeulle ó rei: «Todo o que tes no corazón, anda e faino, pois o Señor está contigo».

O home propón e Deus dispón:

⁴Pero aquela mesma noite veulle a Natán esta palabra do Señor: ⁵«Vai e dille ó meu servo David que isto di o señor: ¿vasme edificar unha casa para que eu habite nela? ⁶Desde o día en que saquei os israelitas de Exipto ata hoxe, non habitei en casa ningunha, senón que andei dun lado para outro nunha tenda e nun tabernáculo. ⁷En todo o tempo que andei cos israelitas, ¿faleille, acaso, a algún dos xuíces de Israel, ós que mandei que alindasen o meu pobo, de que me edificasen unha casa de cedro? (1)

David vive en luxoso pazo de madeira traída do Líbano, pero Deus decide manterse libre de lugares pechos, e invoca a gratuidade da historia, á elección gratuíta de David, á que el deberá responder coa graciosidade dun novo comportamento:


⁸Agora, pois, dille ó meu servo David que isto di o Señor dos exércitos: eu saqueite das mandas, de detrás do rabaños, para que fose-lo xefe do meu pobo Israel. ⁹Estiven contigo en todo o que emprendiches e arredei os teus inimigos diante de ti. E dareiche un nome tan grande coma os dos grandes da terra. (2)

Esta profecía de Natán é a clave da historia monárquica de Israel, punto de partida da esperanza do pobo elixido: o mesianismo.

¹⁰Eu fixarei tamén un posto para o meu pobo Israel. Eu plantareino e el vivirá alí sen sobresaltos. Non volverán asoballalo os fillos da iniquidade, como fixeron á primeira, ¹¹no tempo en que puxen xuíces sobre o meu pobo Israel. Dareiche o repouso de tódolos inimigos e, por parte, o Señor anúnciache que che dará unha dinastía. ¹²Cando se cumpran os teus días e vaias durmir cos teus pais, eu establecerei despois de ti un teu descendente, nado das túas entrañas, e farei firme o seu reino. ¹³El edificárame unha casa e eu afincarei para sempre o seu reino [...]. (3)



Domingo de Ramos



A esa gratuidade de Iavé, David responde con gratitude, cunha moi fermosa oración (vv.18-29)

(1) O deus dos hebreos seminómadas é un deus pastor, guieiro do pobo, e afeito a vivir no medio del alpendrando nunha tenda de campaña. A descrición histórica que se fai amosa un certo desinterese por ter un templo, pois ás tribos aínda lles reina a vida do deserto. Un enorme cambio se vai producir en Israel: ata o de agora gobernaba o principio carismático, é dicir: o xefe ou xuíz, posuído pola «Ruah» ou forza de Iavé -o seu espírito ou alento-, era escollido por un tempo e dependía directamente de Deus. Agora vaise instaura-lo principio dinástico: nace a Casa de David. O relato xoga coa palabra casa: non vai ser David quen lle constrúa unha casa ou templo a Iavé, senón que Deus lle vai construír unha casa ou dinastía monárquica a David.

(2) Estamos no nacemento do mesianismo. O rei era un unxido de Iavé, que en hebreo se di mesías e en grego cristo. Xesús de Nazaré foi chamado fillo de David, é dicir: sucesor monárquico. Parece que a el non lle chistaba moito o conto por culpa das súas connotacións políticas e seica nunca aceptou o título de mesías. Non deixa de ser sospeitoso que a aclamación de Fillo de David lle sexa tributada precisamente na entrada triunfal en Xerusalén o domingo de Ramos, episodio certamente reconstruído polos redactores dos evanxeos, do que pouco sabemos sobre o que pasou na realidade.

(3) Dúas cousas ben diferencias atopamos aquí: 1) O xogo de palabras co concepto de casa, que tanto significa o edificio coma o conxunto de membros, como moi ben sabémo-los galegos, que tanta importancia lle damos á casa e ó seu nome: que chegue a ser casa grande; b) o engadido do v.13 e seguintes, que queren xustifica-lo feito de que o primeiro descendente, Salomón, edifique un templo e se comporte coma un pecador.

Festa do vento

O sábado, 24 de maio celebrámo-la Festa do Vento en Vilagarcía (Colexio Filipense), co tema *A condición homosexual*.

Xuntámonos arredor de 40 persoas e exerceron de anfitriñas as relixiosas filipenses Gaita e Guada, que nos agasallaron cun estimulante café quente, intre que aproveitamos para saudarnos e presentarnos.

Nun escenario de beleza vexetal e, agarimados polo canto dos paxaros, reunímonos no xardín do devandito colexio formando unha roda, que pronto se trocou nun arco por mor do calor reinante (a xente arredábase do sol directo).

Pepe Chao, que estivera traballando no libro de John Boswell: «*Cristianismo, tolerancia social y homosexualidad*» e traía consigo unha morea de apuntes sacados do mesmo a xeito de resumo, así como abundante material da súa propia creación, comezou facendo unha exposición bastante ampla do tema, para logo propoñer que cadaquén contase a súa experiencia persoal, e a partir de aí ir afondando no asunto:

Inda que, se ben non se fixo ordenadamente, xa que houbo moito de improvisación, espontaneidade e incluso ás veces se chegou a divagar, si que se comentaron experiencias coñecidas por algúns dos asistentes.

Falouse das relacións nos internados, mesmo no seminario, contouse o caso dunha parella na que un dos membros, que xa con anterioridade ó matrimonio se sentira atraído por persoas do seu mesmo sexo, descubriu nun bar de ambiente gai a súa condición de homosexual (¿que o empurrara ata alí?).

Outro dos asistentes relatou o caso dunha amiga que, maltratado polo seu home, descobre o pracer nos brazos dunha muller, e dubida se debe considerarse lesbiana, bisexual ou necesitada de afecto.

Logo deste e outros exemplos, comezámo-lo debate sobre os efectos que produce no propio individuo e no seu contorno social a condición homoerótica. Falouse de rechazo, desprezo, paixón, tolerancia, comprensión, aceptación (resignada), etc., deixándose entreve-la nosa solidariedade coa súa loita.

Referímonos tamén ós dereitos das parellas de feito, e máis concretamente a se se lles debería permiti-la adopción de nenos ás parellas homosexuais, coincidindo tódolos participantes no debate en que o simple feito de ser homosexual non constitúe un obstáculo na educación dun neno e polo tanto non debe considerarse impedimento ningún no proceso de adopción.

Cabe subliñar a boa disposición dos asistentes de cara a un tema tan escabroso

e polémico, o ambiente distendido e a *naturalidade* coa que se falou dunhas relacións que algúns califican *contranatura*.

Fixemos unha lixeira incursión na Biblia, léndose unha pasaxe da Xénesis (Corrupción de Sodoma) non atopándose por ningures mención ningunha ó acto hoxe chamado sodomía.

Visionamos un documental sobre o tema e pretendiamos ver unha película para logo comentala; isto último non se fixo por falta de tempo. Despois reflexionamos sobre o contido do vídeo, chegando á conclusión de que, desde o momento en que a persoa asume a súa condición homosexual, só lle queda supera-los obstáculos que lle pon a sociedade.

Finalizámo-la xornada cunha celebración eucarística, na que non faltou un recordo para persoas desta condición que hoxe xa non están entre nós ou que están a pasar por unha situación moi difícil; lemos unha pasaxe bíblica, compartímo-lo pan e o viño e desfrutamos dunhas poesías recitadas pola súa propia autora María Magdalena.

Cando estamos a escribir este resumo escoitámo-la noticia de que se vai debater no parlamento español sobre os dereitos das parellas de feito. Que sexa para ben.

Moncho Acha
Tere Aguiar

V Irimianza en Lugo

O pasado 25 de maio xuntámonos unhas 40 persoas na Irimianza de Lugo. Aproveitámo-la ocasión para falar sobre o tema da fame no mundo e do papel que fan as ONG's para solucionalo. Para iso contamos coa presenza de dous grandes sociólogos que deu a nosa terra: Antón Negro e Bernardo García Cendán. Ademais participaron as seguintes ONG's de Lugo: Comercio Xusto, Plataforma 0,7, Veterinarios sen fronteiras, Solidariedade con Chiapas e Mans Unidas. A súa presenza foi moi valiosa por dous motivos; o primeiro porque axudaron a velo rostro humano da xente que traballa en colectivos que fornecen de solidariedade e xustiza a unha sociedade como a nosa, cada vez é máis escrava do egocentrismo; e o segundo motivo foi o de coñecer-los fins que as constituén, ben dispares entre elas.

Luces e sombras dan as actuacións das ONG's como ben

puidemos comprobar. Unhas veces contribúen a suscitar unha fonda reflexión sobre temas coma o do desenvolvemento e o do roubo a países do sur. Outras sen embargo colaboran na colonización económica, cultural e relixiosa de moitos países contribuindo a incrementa-los procesos de dependencia que sofren estes.

Vimos posturas encontradas na xuntanza que son moi de agradecer. Debates que coidamos necesarios para mellorar na construción dun modo máis fraterno e máis xusto. Un mundo que preveña antes que cure.

Pero non toda a reunión foi seria. Tamén houbo tempo para o encontro máis desenfadado, para saber cómo nos vai e como non nos vai; en fin para *encontrarnos*, que diso é do que se trata.

Pedro F. Pedrouzo Devesa.

Somos Igrexa: Chamamento do Pobo de Deus

Na Asemblea de Crentes Galegos do pasado mes de abril, diferentes grupos e comunidades aportaron a súa reflexión sobre os puntos básicos do Manifesto «Somos Igrexa», que está a percorre-lo mundo enteiro: a) Construcción dunha Igrexa Paterna; b) Plena igualdade de dereitos da muller; c) libre elección de forma de vida celibataria ou non celibataria; d) valoración positiva da sexualidade; e) mensaxe de boa nova e non de ameaza; f) inculturación nos pobos do mundo.

Neste número e en sucesivos iremos publicando esas aportacións.

Por un celibato voluntario

A lei do celibato é non só inútil senón tamén contraproducente. As estatísticas das defeccións na actualidade falan por si soas, porque a norma impide ós cregos casar, pero é tolerante con que poidan manter unha tridentina ou muller ó seu servizo. O celibato é unha lei imposta polo poder romano en contra da vontade do clero e de moitos bispos. É coñecido o clamor dun bispo procedente das terras galaicas, que berrando dicía: «saltem braca-reuses», pedíndolle ó concilio tridentino que desta lei do celibato quedasen excluídos os clérigos da diocese portuguesa de Braga.

A lei do celibato non se estableceu

para busca-la virtude senón a Disciplina. Dispoñer de clero sometido e obediente. Deste xeito as xerarquías chegaron a conformar unha igrexa Uniformada con xefatura de Estado -o Papa-, representacións diplomáticas -os Nuncios- e gobernos periféricos -os bispos diocesanos-.

Na igrexa, a muller está excluída non só dos ministerios, -por dereito divino, din eles- senón da relación co varón eclesiástico, que se vería contaminado polo matrimonio. Para lograr que isto chegara a coller forza, foi necesario culpabiliza-lo sexo, ata o extremo de que no sexto mandamento non existise materia leve, pecado venial. É dicir, que toda ollada, pensamento, desexo e acción nesta materia constituía sempre pecado mortal e posible condenación eterna.

O froito máis notable da lei do celibato foi, en xeral, a Deshumanización do clero. Uns solteiróns obrigados a esmaga-los seus sentimentos e a súa afectividade, con consecuencias perniciosas e de trastorno para a súa personalidade. Privados da relación humana familiar, tanto entre muller e home coma co froito de esta relación, os fillos, os clérigos pasan a se converter nunha casta separada. Algo inaceptable na idea de Reino que trouxo Xesús.

Debe quedar claro, por outra banda, que o dito nada ten en contra da liberdade humana de quen queira seguir outros impulsos ou carismas que o leven a permanecer célibe, pero o Reino dos ceos é de tódolos seres humanos, sen se condicionar por razóns de estado persoal ou de sexo, do contrario non sería universal. Porque tempos novos definen carismas novos e

hoxe o celibato deixou de ser un referente específico do Reino dos ceos. Son verbas dun profeta dos nosos días, Jacques Gaillot, quen manifesta: «De feito, o celibato obrigatorio perde cada día máis o seu sentido na nosa sociedade». Se isto é así, as xerarquías eclesiásticas deberían deixar de se comportar dun xeito tan turrón, porque a igrexa ten a súa razón de ser neste mundo e para este mundo.

Con todo, a esperanza non está perdida, por iso nós queremos cantar co cego:

- 1º É unha fraude ben soada o postconcilio ¡abofé!
Aquel tanto prometer e este pon o vello en pé.
- 2º Aconteceu moi confusa a plantación conciliar,
foron moitos a regar pero máis a laticar.
- 3º A anada perdida está,
polo tanto ¿que facer?
Se mantémo-la esperanza
outra nova ha nacer.
- 4º Tanto tempo caladiños,
témola fala perdida,
recuperala é un traballo
para toma-la medida.
- 5º Ergámo-la voz enteira
para dicir con firmeza:
acabouse xa o dominio
do poder que por nós mexa.
- 6º Ós crentes sans ben nos chega
cun Deus amigo e bendito
que fixo home o seu fillo
e do poder ¡adeus mito!
- 7º Fuxan os intermediarios,
veñan as comunidades,
Deus con nosoutros xa está
comencen actividades.

«Solidarios».

Grupo de Narón. Ferrolterra.



TVG: ¿Columna vertebral da lingua?

«A TVG é a columna vertebral da lingua e da cultura galegas», afirmaba hai uns días o Sr. Pérez Varela, Conselleiro de Cultura. Poucas veces se formulara unha definición tan categórica por parte dun responsable político da Xunta. Efectivamente, a TVG, xunto coa Radio Galega, o xornal «O Corrego Galego» e unhas cantas pequenas revistas, son os únicos medios de difusión que tomaron en serio o uso da nosa lingua e a nosa cultura. Unha verdadeira pobreza para un país con lingua de seu e cunha cultura propia. Nos demais, ocupa un lugar insignificante e mesmo vergoñento: un recuncho perdido ó pé dunha páxina, unhas frases vulgares á fin do discurso, uns bailes no remate da cerimonia... O galego non vende -dinno-. Só importa o que dá negocio, o cartiño. «O que non é conta, son contos», din os listos.

Por iso alédanos grandemente a información sobre a boa marcha económica da CRTVG, coas súas filiais, a Radio e a Televisión galegas. Seica cerrou o 1996 con 60 millóns de superávit, reduciu a débeda en 2.000 millóns e ten boas expectativas cara ó exercicio do 1997. E todo iso sen incidir negativamente nos índices de audiencia -arredor do 20%- nin no volume de produción de programas propios. Cando tódalas canles estatais presentan déficit -e algunhas, coma a TVE, case de catástrofe-, é estimulante comprobar a boa saúde económica da tele galega. Din que estes resultados contables son froito do Plano de Saneamento Financieiro implantado no 1994, pero un preguntábase se non terá algo que ver co que está a ocorrer coa publicidade. E iso xa sería outro cantar.

A publicidade en castelán

Se a TVG é tan fundamental, como

afirma o Conselleiro, e se non hai problema económico, non se explica moi ben por que a cotío temos que soportar, no medio de programas galegos, spots publicitarios en castelán. Resulta unha cousa estraña: non se imaxina un á tele catalana ou basca emitindo publicidade noutra lingua que non sexa a propia. E non é por ter nada contra o castelán -lingua de tódolos españois- senón por coherencia: esta é a tele galega e Galicia ten a súa propia lingua. ¿Cal será a razón de tal anormalidade? Un pensaría que sería exclusivamente económica. Tería así unha explicación: hai que sobrevivir. Pero, non. Non hai problema económico. ¿Cal será, pois, o motivo? Unha cousa parece clara: eses spots están fóra de lugar, supoñen unha grave inconsecuencia lingüística da canle autonómica e resultan un despropósito e un elemento estraño. ¿Será que os responsables non teñen as ideas tan claras como indicaba o Conselleiro sobre a importancia do uso da lingua?. ¿Ou será unha forma de afirmar o famoso e sospeitoso «bilingüismo harmónico» de Fraga?

O coidado da lingua

E xa que de lingua falamos, ¿que dicir do coidado da lingua que oímos desde a pequena pantalla? En Galicia, coma no resto do mundo, hai máis oíntes que lectores. E, aínda que sexa verdade que o escrito ten máis autoridade, o que se oe desde a tele -ou da radio- exerce un definitivo influxo no estado e no curso da lingua. Este é un punto digno de profunda atención o estudio sobre o que hai que insistir. Admitamos, con gusto, que os locutores fixos melloraron notablemente, sobre todo se os comparamos cos dos primeiros tempos. Un aplauso sen reservas para eles. Debémoslle



moito, aínda que lles queda camiño por andar... Pero non se pode dici-lo mesmo doutros moitos que aparecen con frecuencia e que dá pena escoitalos. Pena e rabia. Porque os responsables do ente debían ser máis conscientes e moito máis esixentes. Non se debe permitir deturpar-la lingua publicamente. Se é verdade que o que importa para o galego é que se fale, aínda que sexa con defectos, isto vale só para os niveis privados, pero non é tolerable nos medios públicos de comunicación. Recórdese o dito: Nunha democracia incluso os burros teñen dereito a ornear, pero non na pantalla pública... Un pouco máis de respecto á lingua e ós oíntes. E isto habería que aplicar-lo tamén ós políticos, incluído o Presidente e os Conselleiros, que boa falta lles fai.

Declaración a Facenda e Igrexa

Compostela, xoves 8 de maio de 1997
Benqueridos amigos:

Tendo en conta que nos atopamos de novo no período da declaración da renda, gustaríame toca-lo tema do apartado da aportación á igrexa católica no impreso do IRPF.

1.- A voluntariedade da opción é enganosa. O goberno e a igrexa teñen un acordo informal que fixa a contía total que esta debe recibir. Se se reducen as declaracións que deciden apoiar economicamente á igrexa, basta aumentar a porcentaxe para manter o resultado; a opción é polo tanto ficticia xa que non produce resultados reais. Non habería problema se a aportación a) fose unha cantidade libremente determinada por cadaquén, e b) se se pagase a maiores do resultado da declaración.

2.- Un estado laico non debería subvencionar-lo proselitismo relixioso. Unha parte do traballo da igrexa consiste na expansión e profundización da súa relixión. Un Estado teoricamente laico e de todos coma o noso non debería chegar ó extremo de fomentar esta actividade coa súa aportación económica.

3.- Aceptar que a igrexa debe ser subvencionada porque fai un labor social levaría a ter que financiar tódolos partidos, sindicatos, asociacións,... Se a utilidade social dunha organización conleva a súa subvención desde o Estado, non se entende o diferente tratamento, na declaración do IRPF, da igrexa fronte a partidos, sindicatos, ONGs, asociacións culturais, deportivas, de veciños,...

4.- O que o Estado gasta nos curas sería socialmente máis útil se fose a traballadores profesionais; o que tamén permitiría un control democrático do seu labor. Os curas levan a cabo -ademais da súa función principal, a relixiosa, que podería seguir sendo pagada pola igrexa-un traballo social. Sen embargo, é indubidable que un profesional estaría mellor preparado e que a súa supervisión pola Administración permitiría un mínimo control democrático, agora inexistente xa que só hai unha dependencia da xerarquía católica.

5.- Os curas con comportamentos caciús merecerían que se lles quitase

unha paga que só serve para prexudicar á xente. Os curas que se dan as mans co poder e co diñeiro -os que cobran bautizos, vodas e enterros; os que se presentan nas listas electorais dos de sempre; os que rexistran ó seu nome as carballeiras dos veciños; os que anatematizan desde os obispados contra os partidos progresistas; os que reverencian a obediencia á xerarquía repudiando a conciencia propia; os que loan a sociedade capitalista porque



nos fai «libres» mentres aseguran que a pobreza é só o resultado da falta de caridade cristiá;...- non merecen a paga que tan xenerosamente lles dá o Estado á nosa conta. Quitarlle-la paga a estes curas obrigaríalos á busca dun emprego: este enfrontamento cos problemas prácticos da vida e do mundo real levaríalos a abandonar os actuais discursos sobre redencións de almas mentres seguen a enche-lo peto (esta é unha caricatura -o que sempre é unha pequena mentira-, pero fai máis ameno o conto).

6.- A paga que reciben os curas máis comprometidos coa xente imposibilitálles a liberdade de pensamento dada a súa dependencia económica da xerarquía. Os curas que se preocupan sinceramente pola xente merecen con creces o que cobran. Sen embargo, estes sacerdotes non poden ter independencia ideolóxica real se non teñen independencia material para substraerse ó control da xerarquía: o salario que reciben é un regalo envelenado da igrexa oficial para facelos dependentes.

7.- A igrexa non pode ter independencia ideolóxica e capacidade de crítica real se depende economicamente do Estado para a súa supervivencia. A

igrexa non poderá ter independencia real fronte ó goberno se depende del para o seu mantemento material -nisto basea Anguita, por exemplo, a súa denuncia do pacto dos sindicatos co goberno: non se soe roer a man que che dá de comer.

8.- As actuacións sociais relacionadas coa igrexa, como Cáritas ou o Proxecto Home, xa cobran dos presupostos xerais. As organizacións que fan un traballo social real xa reciben unha aportación do Estado, polo que non se sostén a pretensión da burocracia eclesiástica de seguir recibindo cartos dos impostos de todos.

9.- A igrexa xa está a ser financiada encubertamente por outros lados. A igrexa está a recibir financiación encuberta a través das partidas para a restauración de catedrais e o apoio deste goberno á sanidade e escola privada, da que viven moitos relixiosos, fronte ó sector público, que nos serve a todos.

10.- A igrexa debería financiarse directamente a partir das comunidades de base. A única formulación aceptable é que os gastos da igrexa se financien coa aportación directa dos crentes nas parroquias. Isto permitiría, ademais, a democratización da igrexa xa que o poder de decisión tende a estar en mans de quen paga: agora uns poucos nas alturas da igrexa xerárquica, talvez mañá no conxunto da igrexa de tódolos crentes.

11.- Se os traballadores e as súas familias puideron sufrir unha reconversión industrial, ¿por que non ía poder haber unha reconversión eclesial? É incomprendible por que non serían aceptables estes cambios, cando ós traballadores e ás súas familias non lles quedou máis remedio que someterse á reconversión industrial. Talvez sexa que o poder da xerarquía católica para manter os seus privilexios ilexítimos é moito maior cá forza dos traballadores.

A alternativa está entre un modelo de igrexa xerárquica, burocrática e parasitaria do estado fronte á posibilidade dunha igrexa democrática, viva e independente.

Sen máis, recíbide un cordial saúdo.

Luis Ledo

Emiliano Zapata, Sandino, «Che» Guevara, Néstor Cerpa... non eran santos; pero sementaron devezos de xustiza nunha terra «onde en nome do realismo se predica sempre a resignación, e esperar e esperar e a esperanza cansa de esperar».



Demasiadas veces os que predicámo-la razón non queremos utiliza-la forza... e só cando temos visto demasiados mortos, os nosos mortos, comezamos a aprender que na tribo humana aínda hai ocasións nas que evita-lo combate significa perdelo todo (J.M. Mendiluce).

Pasantía teolóxica

O sábado, 28 de xuño, ás 10,30, terémo-la derradeira xuntanza deste curso, en Bastavales.

Consideramos importante esta reunión por dous motivos: a) para realizar un balance crítico sobre o curso pasado, analizando tanto o traballo realizado coma o estilo -demótico-, por ver se foron cumpridos proxectos e expectativas; b) programación do tema do próximo curso e o material auxiliar para desenvolvelo.

Tamén, por se chegar a tempo o aviso, o día 14, así mesmo en Bastavales -neste caso ás 11 horas-, será a clausura do segundo ano de Sábados Bíblicos, cun resumo do labor levado a cabo nestes dous cursos na lectura do evanxelista Marcos.

O CANTAR DO IRIMEGO

1. Disque che han dar dúas cuncas se non queres comer caldo; xa vai para moitos meses recuncando con Ronaldo.
2. Seica este rapazolo que é nado brasileiro é o meirande futbolista que existe no mundo enteiro.
3. Coa habelencia dos seus pés e a base de pelotas o rapaz naceu espido pero hoxe pon as botas.
4. Todo o mundo se amosa por iso escandalizado; a cousa non ten remedio pois quen manda é o Mercado.
5. O futbol é un deporte convertido en negocio e pra que o club gañe cartos Ronaldiño é un bo socio.
6. Máis que nunca, a economía hoxe baixo esta lei anda: por unha parte, a oferta, pola outra, a demanda.
7. Como hai poucos Ronaldiños a oferta évos moi escasa; todo o mundo o demanda e así pasa o que pasa.
8. Dende a clave do comercio os clubs entran no trato e Ronaldo custa abondo pero resulta barato.
9. Cando xoga o Barcelona todo o mundo fica pampo de que este brasileiro case el só encha o campo.
10. Ronaldo non ten a culpa que o convertamos en deus: é providencia que mira polos intereses seus.
11. O mal está no asunto que ben vemos día a día: que o xogo non é deporte, pasa a ser economía.
12. A xente anda alienada perante o televisor: Pan e circo os romanos pedían ó emperador.